

## **ENREDANDO CO GALEGO (CURSO 2025/2026) - IES MURALLA ROAMANA**

### **Chuvia**

A chuvia cae mansa sobre o noso camiño,  
bate nas ventás coma un pequeno canto.  
Esvara nos tellados, corre polo prado,  
e enche de frescura todo o lugar veciño.

No aire queda un cheiro novo e moi suave,  
e a terra esperta co seu rumor profundo.  
As pingas van marcando o ritmo deste mundo,  
coma pasos lentos que ninguén sabe.

Martín Prados Méndez, 4ª ESO

### **O galego**

Cando falo galego,  
todo soa máis cercano,  
máis humano,  
máis galego.  
É unha lingua que abraza,  
que conta historias sin pausa  
e en cada pequena frase  
achégase á nosa alma.

Sofía Pérez Corral, 4º ESO

### **A música**

A música acompáñame sempre,  
mesmo nos días máis raros,  
nos bos e nos malos,  
a música sempre está aí.  
Cando escoito a miña canción,  
parece que todo vai mellor.  
Os problemas desaparecen  
cunha bonita melodía.

Sofía Pérez Corral, 4º ESO

### **A casa dos meus avós**

Na casa dos meus avós  
o tempo pasa máis lento,  
cociñando coa miña avoa,  
o sentimento é pleno.  
Na casa dos meus avós  
a vida é máis tranquila,  
non existen os problemas,  
todo grazas á súa compañía.

Sofía Pérez Corral, 4º ESO

Galicia é un latexo verde,  
un recuncho cheo de calma,  
onde o vento fala ás pedras  
e o mar canta en voz baixa.  
As nubes corren polo ceo  
coma follas sen ter casa.  
Camiños que van ao monte,  
aldeas que gardan historias,  
e un sol que xoga ás agachadas  
entre as sombras das carballeiras.  
No aire queda un arrecendo  
a chuvia, terra e lembranza.  
E eu, que medro nestas terras,  
levo Galicia na mirada:  
os ríos que contan contos  
e as praias feitas de prata.  
Aquí latexa a miña vida,  
aquí nace a miña palabra.

Martiño Casanova Lamas, 4º ESO

## Decepción

A luz apágase suavemente,  
as palabras esváense,  
deixando un eco no silencio,  
un murmurio do que puido ser.  
As promesas flotan  
como follas secas no vento,  
e un baleiro,  
amargo e frío,  
abraza o corazón.  
Os sonhos,  
unha xélida bruma,  
disípanse na néboa.  
Camiños torcidos,  
miradas que evitan,  
a risa dórmese,  
pecha as súas ás,  
e o tempo,  
un ladrón sixiloso,  
leva a ilusión,  
deixando só  
un eco de decepción.

Carla Campechano Batista, 4º ESO

## **A Dama da noite**

Unha beleza nun só alento  
Cunha corola de extrema pureza  
Aínda que dure un breve momento  
A túa floración resalta con grandeza.  
Pobriño quen non alcanza a verte  
Xa que se perde toda a túa nobreza  
E o que chegue antes da túa morte  
Poderá ver ese milagre natural  
Que a quen contempla, en inmortal converte.

Eric Bedoya Neira, 4º ESO

Bonitos como a lúa fronte o mar  
Bonitos os teus ollos que non podo olvidar.  
Nun mundo cheo de frío, só quero o teu calor.  
Nun mundo de luz estou cegado polo teu amor.

Fácil de me gustar, difícil de amar.  
Porque ao teu carón síntome no meu fogar.  
Ao teu carón esquecéuseme o ardor.  
Xuntos no mar infinito como infinito é o meu amor.

Martín Vázquez Carral, 4º ESO

O grilo canta, sen cesar.  
O orballo xa cae, frío no meu lar.  
Penso na mañá, mentres todo está en paz.

Cun pouco de frío de algo de néboa,  
mirando as estrelas ao carón da lúa chea  
pouco a pouco marcha a luz da vela.

Martín Vázquez Carral, 4º ESO

Morea de auga no cristal,  
golpes que me van relaxar.  
Polas nubes imposible de mirar  
como a néboa, un día pola mañá.

A obriga de cerrar,  
a obriga de non poder saír.  
Máis non poder disfrutar.  
Máis pola mañá, invítame a soñar.

Martín Vázquez Carral, 4º ESO

## **O MEU LUGAR SEGURO**

Ola chámome Xenia , teño 15 anos , diredes unha moza normal e corriente , pois non é o caso . Vivo en Lugo , si en Lugo cidade; teño unha irmá pequena, chámase Noa , ten 9 anos para min é a persoa máis importante do mundo e diredes: “é normal, é a tua irmá”, en parte si pero tamén hai máis motivos dos cales xa vos falarei máis a diante .

Este é meu diario , espero que ninguén o lea nunca pero se dá o caso espero que se faga algo contra estes casos de acoso que vou contar .

Academicamente non é que me vaia de luxo este ano, pero nótase a diferenza .Dende pequena son unha persoa moi pouco sociable, non son moi faladora, tampouco moi graciosa, nunca tiven unha mellor amiga que me invitara ao seu aniversario ou a ir ao parque con ela , eu sempre estiven soa .

“Porque non son moi normal”, diredes. Dende cuarto de primaria sufrín acoso escolar de parte de cinco compañeiros: Anxo, Brais , Mencia, Marina e sobre todo de parte de Xulio . Eran a miña sombra, as cinco horas lectivas para eles significaban cinco horas para molestar a calquera que tiveran preto.

Aínda me lembro daquel día no recreo cando me obrigaron a ir con eles á parte traseira do pavillón , pensei que ían facer o de sempre: rirse de min ou dicir calquera cousa que me fixera dano , pero non foi o caso, Xulio empurroume contra o chan , dinme un golpe contra a

esquina dunha randeeira que había no patio , ameazáronme con que se contaba algo ia ser peor que esta vez .

Tiña moito medo, non sabía que facer, ese día foi un dos peores porque todo o mundo pensa que para saber se hai acoso ten que haber un hematoma ou sangue , pero non ten que ser só iso , o dano que me fixeron ese día foi algo que me afectou moito mentalmente . Dábame rabia porque tiñamedo , era unha nena pequena non sabia que facer nin a quen acudir para buscar axuda , o cal foi algo do que me arrepentirei moito tempo , se eu tivese pedido axuda podería axudar tamén aos demais, non só a min.

Sempre terei unha pregunta, que tería pasado se eu fixera algo contra os abusos físicos e psicolóxicos que sufrín eu mais meus compañeiros ?

Salma El Jaidi Haddak, 4º ESO

### **Poema da miña terra**

No monte de alá arriba  
o vento fala quedo,  
coma se contara historias  
que só escoita quen ten medo.  
As árbores moven as follas  
coma mans que queren bailar,  
e ás veces penso que o bosque  
me quere algo contar.  
O río baixa correndo,  
sempre con presa por chegar,  
e eu quedo mirando a auga  
ata que me empezo a marear.  
Galiza é toda verde,  
e cheira a choiva e mar,  
e aínda que ás veces non o diga,  
é un sitio que quero gardar.

Iago Fernández Domínguez, 4º ESO

Hoxe pola tarde fun dar unha volta coa bici, porque estaba un pouco aburrido na casa e meus pais non me deixaban seguir xogando á consola. Fomos eu e dous colegas polo camiño que vai cara o río, e case me caio porque había un burato enorme que non vira. Rimos un montón, aínda que tamén me enfadei un pouco porque me manchei todo de lama. Ao final sentamos nunha pedra a mirar como pasaba a auga, e non sei por que pero deume unha sensación rara, coma de paz ou algo así, que non me pasa normalmente. Igual debería saír máis e non estar sempre no móbil, pero tampouco o vou dicir moi alto que senón meus pais pórñenme máis normas ca antes.

Iago Fernández Domínguez, 4º ESO

### **Poema que intenta rimar**

Hoxe fun dar unha volta polo camiño,  
e o vento daba forte, coma un veciño.  
As follas bailaban sen parar,  
e eu pensando se debería estudar.  
O río facía un ruído moi tolo,  
case caio dentro, menuda nolo.  
Rin un pouco eu só, sen razón,  
igual era cousa da miña imaxinación.  
E mentres volvía xa caendo a noite,  
pensei que a natureza ás veces é un brote.  
Non sei explicalo, é un pouco así,  
pero cada vez que a miro, sinto algo en min.

Iago Fernández Domínguez, 4º ESO

## **O bullying**

Porque o dano non é un xogo,  
nin chiste, nin diversión.  
Hai feridas que non sangran,  
pero doen no corazón.  
E se un día es ti quen mira  
sen saber que facer ou dicir,  
lembra: un paso, unha palabra  
pode comezar a curtir.  
Que non haxa máis silencios,  
que non haxa máis feridas.  
Xuntos rompamos o muro  
que separa dor e vida.

Anxo Martiño Sobrado Neto, 4º ESO

## **O despertar**

Como un amencer  
bonito de ver  
máis de gozar  
ao lado do mar.

Moi deslumbrante  
unha luz elegante  
rebota no mar  
e faise duplicar.

Adrián Cuevas Malumbres, 4º ESO.

## **A montaña**

Pola montaña álzase o sol,  
asemellándose a un farol.  
Cando a miro éntreme curiosidade,  
como pode ser de verdade!

Quero subila para sentir  
o que é vivir,  
as maxestuosas vistas  
feitas por artistas.

Adrián Cuevas Malumbres, 4º ESO

## **O único medo que tiña**

As veces mirote durmir, miña gata,  
e dáme ese medo que non digo,  
ese pensar que algún día,  
cos anos, poidas irte sen regreso.

E nunca quero imaxinar  
a casa sen o teu paso pequeno,  
sen o teu ronroneo que cura todo,  
sen o teu cariño que enche o mundo.

Pero sigo abrazando cada día,  
gardando cada mirada túa,  
porque o que máis temo  
é ese momento  
no que xa non te poida volver ver.

Ali Ben Abrada Redouani, 4º ESO

## **Arrepentimento**

Ás veces penso,  
que no seu momento non dei todo,  
que houbo días nos que me faltou ese esforzo  
que hoxe boto tanto en falta.

E nunca digo en voz alta  
o que me doe lembrar:  
que houbo oportunidades que pasei,  
que deixei ir sen pelear,  
sen dar toda a miña enerxía ou atención.

Pero agora, cando miro atrás,  
dóeme ese pasado tonto,  
ese momento no que fun menos  
do que debía ser.

O arrepentimento pesa,  
si... pero tamén me empuxa  
a facer mellor hoxe,  
a non perder nin un segundo  
do que aínda podo vivir.

Ali Ben Abrada Redouani, 4º ESO